



RESOLUCIÓN de 6 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe de centros docentes seleccionados para desenvolver no curso 2016/17 o programa *Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade*.

A Convocatoria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a selección de centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que desexen participar no programa "Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade", de 2 de maio de 2016, establece as bases para a selección destes centros.

Unha vez rematado o procedemento de selección establecido na citada convocatoria, cómpre facer pública a relación de centros que son autorizados para o desenvolvemento do programa.

A base décima da citada Convocatoria determina que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará a selección dos centros no Portal Educativo e comunicarllela por correo electrónico a todos os centros solicitantes.


En consecuencia, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLVE:

Autorizar os centros educativos que se relacionan no anexo desta resolución para o desenvolvemento de programas dirixidos á mellora do éxito escolar.



Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016


Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



ANEXO

Resolución dos centros seleccionados para desenvolver no curso 2016/17 o programa *Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade.*

- **CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadaso, Noia- A Coruña**
- **CEIP Salgado Torres, A Coruña- A Coruña**
- **CEIP Plurilingüe Carrasqueira, Vigo- Pontevedra**
- **IES Mestre Landín, Marín- Pontevedra**
- **CEIP de Tenorio, Cotobade- Pontevedra**
- **IES Terra Cha , Xosé Trapero Pardo , Castro de Rei-Lugo**
- **CEIP Otero Novas, Cortegada- Ourense**